

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS

O director da Escola Técnica Superior de Arquitectura convoca **axudas para a adquisición de equipamentos deportivos** en réxime de concorrencia competitiva.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Satisfacer as necesidades básicas de equipación deportiva dos deportistas da Escola Técnica Superior de Arquitectura co fin de fomentar a práctica deportiva en xeral, entre o alumnado da escola.

2.- CONDICIÓNS DOS SOLICITANTES. FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

2.1.- Estar matriculado na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.

2.2.- Practicar algún deporte.

2.2.- As solicitudes presentaranse na secretaría do centro no modelo do ANEXO I, xunto coa documentación acreditativa dos méritos requiridos.

O prazo de presentación das ditas solicitudes, será o comprendido entre o día **23 de outubro de 2008 ao 7 de novembro de 2008**

3.-CRITERIOS E PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS.

Os criterios de outorgamento dos equipamentos serán os resultantes de puntuar os méritos que concorran e presenten os solicitantes que cumpran os requisitos para presentarse á convocatoria, polo que xunto coa instancia persoal, os alumnos achegarán:

3.1.- Unha copia do impreso de pago das taxas de matrícula do presente curso 2008/2009

3.2.- Unha memoria das actividades deportivas realizadas en cursos anteriores e as que se pretenden realizar no curso 2007/2008. Estes méritos deberán acreditarse documentalente.

3.3.-Presuposto económico do equipamento que se solicita co IVE incluído.

Os actos derivados da presente convocatoria faranse públicos no taboleiro de anuncios do centro.

A dirección da escola elaborará unha lista priorizada dos adxudicatarios dos equipamentos , así como dos suplentes, que se expoñerá no taboleiro do centro o día 22 de novembro de 2007. Os solicitantes poderán presentar as posibles reclamacións ante a dirección da escola ata ás 14:00 horas do día 26 de novembro de 2007 Rematado este prazo e avaliadas as reclamacións, o día 29de novembro de 2007 farase pública a relación definitiva de adxudicatarios e de suplentes.

4.- DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANZAMENTO.

4.1.- O financiamento dos equipamentos variará en función de tratarse de equipos ou deportistas e da documentación presentada.

4.2.-O importe total das financiación s dependerá do número de solicitudes e cun límite máximo de 2.000,00 euros.

4.3- O financiamento farase con cargo á partida 5220.300C.22901.

5.- ÓRGANOS COMPETENTES.

A comisión de selección, nomeada pola dirección do centro, avaliará os expedientes.

6.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

Os deportistas seleccionados estarán obrigados a:

6.1.- Facer figurar nos equipamentos financiados a inscrición “ Universidade da Coruña- Escola Técnica Superior de Arquitectura “

6.2.- Presentarán ao remate do curso académico, unha memoria das actividades deportivas realizadas , trofeos, etc..

7.- NATUREZA DO FINANZAMENTO E ANULACIÓN DO FINANZAMENTO.

7.1.- Consistirá no pedimento do equipamento a través dos servizos económicos da escola que asumirá o custo deste, e ata a cantidade aprobada pola dirección da escola.

7.2.- Perderán o seu dereito ao financiamento se, despois de concedida, non realizaran as actividades presentadas nas memorias.

8.- INCOMPATIBILIDADES.

Estas bolsas serán incompatibles co desfrute doutras financiación, bolsas ou axudas da Universidade da Coruña ou doutra institución, da mesma natureza e ámbito público ou privado.

A Coruña, 22 de outubro de 2008
O DIRECTOR,

José Manuel Casabella López

ANEXO

**SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A FINANCIACIÓN DE
EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS**

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

NOME: _____

ENDEREZO DURANTE O CURSO: _____

POBOACIÓN: _____ **CÓDIGO POSTAL:** _____

TELÉFONO NA CORUÑA OU FAMILIAR: _____

ESTUDANTE DA: ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

TITULACIÓN: ARQUITECTURA

A CORUÑA, _____ **DE** _____ **DE 2008**

ASDO.: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Í COPIA DO IMPRESO DE PAGO DAS TAXAS DE MATRICULA.

Í MEMORIA NA QUE CONSTE A EXPERIENCIA E ACTIVIDADES DEPORTIVAS
REALIZADAS (XUSTIFICAR DOCUMENTALMENTE).

Í NO CASO DE EQUIPOS, DEBERÁ PRESENTARSE A RELACIÓN DE DEPORTISTAS

Í PRESUPOSTO ECONÓMICO DUNHA TENDA DE DEPORTES (DO EQUIPAMENTO
QUE SE SOLICITA).

**ILMO. SR. DIRECTOR DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR
DE ARQUITECTURA**

Unha vez analizadas as instancias presentadas polos estudantes desta Escola á “**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS**”, a Dirección, propón conceder as axudas a:

Liga Universitaria de fútbol 11 (representante Rodolfo Martínez Rivadeneira)

Por mor dun atraso na organización das ligas deportivas universitarias concedese a axuda a:

Liga Universitaria de Fútbol Sala 2^a división (representante Víctor Hugo Vázquez Hiebra)

O que se comunica para o xeral coñecemento e para que os interesados pasen pola dirección a recoller a folla de pedimento correspondente.

A Coruña, 19 de decembro de 2007
O DIRECTOR,

José Manuel Casabella López

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Comunícolle que se lle concedeu unha axuda para equipamento deportivo ao equipo de fútbol sala de 2ª división que vostede representa.

Deberá presentar a finais do curso académico 2007-2008, unha fotografía dos membros do equipo co equipamento(o equipamento deberá levar o nome da ETSA) recibido, e unha memoria coas actividades realizadas.

A Coruña, 19 de decembro de 2007.
O DIRECTOR,

José Manuel Casabella López

Don Víctor Hugo Vázquez Hebra